



RESOLUCIÓN PARA ADAPTACIÓN POR CICLO DOS PLANOS DE ESTUDIOS QUE SE IMPLANTAN NUN SÓ CURSO ACADÉMICO

Como consecuencia da normativa establecida no Real Decreto 1497/1987 do 27 de novembro de directrices xerais comúns ós planos de estudio e as posteriores modificacións a Universidade está a modifica-los planos de estudio para adaptalos á normativa vixente. Este proceso que atinxe a tódolos planos de estudio, reformados ou non está facéndose de xeito xeneralizado co obxecto de cumprí-los prazos fixados na propia normativa.

Neste curso académico 2000/2001, son varias as titulacións que modifican os seus planos de estudio e realizan a implementación do mesmo nun só ano académico, quedando sen dereito a docencia os planos de estudos ós que substitúen. Esta situación está a producir certas interferencias no normal desenvolvemento académico dos estudos dos alumnos que pretenden adaptarse ós planos de estudos que se implantan polo que é preciso regular este proceso de adaptación para que obtendo os mesmos resultados os perxuízos causados ós alumnos sexan os mínimos.

Por todo ilo e para minimizar as consecuencias da implantación dos planos de estudio nun só ano académico

RESOLVO

Primeiro.- Os alumnos de titulacións reformadas que se adapten a un plano de estudos que se implanta nun só ano académico poderán realizar a súa adaptación, segundo prefiran, materia por materia segundo a táboa de adaptacións do plano de estudos ou por ciclo.

Segundo.- Os alumnos destas titulacións que teñan superado tódolos créditos correspondentes á materias troncais, obrigatorias e optativas vinculadas ó primeiro ciclo do plano de estudos de orixe poderán realizar a adaptación por ciclo, . Non sendo necesario que o alumno teña cursado tódolos créditos ou materias de libre elección vinculados ó primeiro ciclo para face-la adaptación por ciclo.

Terceiro.- En todo caso, para poder obte-la titulación os alumnos que se adapten por ciclo consonte a esta resolución deberán ter realizado, o número de créditos troncais, obrigatorios, optativos e de libre elección vinculados ó primeiro ciclo tal e como establece o plano de estudos polo que cursou este primeiro ciclo, así como o número de créditos das materias troncais, obrigatorias, optativas e de libre elección do segundo ciclo do plano de estudos ó que se adapta.

Cuarto.- Asemade cando realicen a adaptación por ciclo deberán facer no segundo ciclo as materias que cambiaron de ciclo (pasaron do segundo ciclo do plano adaptado ó primeiro ciclo do plano ó que se adaptan) que determinan os propios planos de estudio ata completa-los 300 créditos esixidos para licenciarse. No caso de que os planos de estudio non determinen as materias a realizan deberán facer créditos de materias que non tivesen cursado



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Quinto.- Esta resolución será de aplicación ós planos de estudos que se implantan no 2000 que corresponden as titulacións que se imparten na Facultade de Bioloxía, Filoloxía, Humanidades, Matemáticas e Xeografía e Historia.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2000

O Rector

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Srs. Decanos e Directores de centro, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Srs. Xefes das Unidades de Xestión Académica, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.